



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro **2133 (11/PNC-000208)**, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central respecto da posibilidade de que os traballadores do mar poidan realizar a través do Instituto Social da Mariña ou das institución que considere acaídas os cursos de mantemento da competencia dirixidos á renovación ou obtención do certificado de suficiencia, que figura na orde do día da Comisión 8ª convocada para o vindeiro 6 de abril de 2021.

Emenda de adición

Engadir dous novos apartados na parte resolutiva co seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta a demandar do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que a Dirección Xeral da Mariña Mercante implemente a posibilidade da formación *on line* nos cursos de formación profesional, completando a parte teórica *on line* cunha parte práctica presencial.

A Xunta de Galiza creará unha plataforma dixital a través da que facilitará o acceso á programación da formación non regrada dos seus centros de ensino.”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 05/04/2021 12:20:21

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2021 12:20:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **12201 (11/PNC-001248)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para compensar economicamente o sector marisqueiro pola paralización da súa actividade con motivo das obras de dragaxe da ría do Burgo.

Emenda de Substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Dispoñer 100.000 euros de fondos do orzamento para 2021 de cara a artellar un Plan Social para paliar as perdas que o colectivo de persoas mariscadoras da ría do Burgo sufra pola falla de actividade durante a execución da dragaxe da ría, e a demandar dos concellos ribeiregos implicados a achega de fondos en medida semellante, así como do Goberno central, ata acadar a cifra dun millón de euros.
2. Demandar do Goberno central o compromiso para que os traballos de recollida e reposición de semente sexa executado por parte das persoas mariscadoras asociadas á Confraría da Coruña, artellándose a fórmula legal de encomenda que sexa necesaria.
3. Solicitar da Universidade da Coruña a realización, uníndose á vontade de colaboración do INTECMAR, de estudos de seguimento e control da obra en relación á calidade das augas e estado final dos bancos marisqueiros.

Santiago de Compostela, 5 de abril 2021.



Asinado dixitalmente por:

María Elena Suárez Sarmiento na data 05/04/2021 17:55:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **12280 (11/PNC-001257)**, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa nota explicativa remitida pola Dirección Xeral MARE ao Parlamento Europeo respecto da revisión do sistema de control da pesca da Unión Europea no contexto do Pacto Verde e a Estratexia de biodiversidade para 2030, incluída na orde do día da Comisión 8ª que se celebrará o vindeiro día 6 de abril de 2021.

Emenda de adición

No primeiro punto propónse engadir, despois de: “rexeitamento”, o seguinte: “por medio de resolución explícita”.

Emenda de adición

No segundo punto propónse engadir ao comezo do parágrafo o seguinte: “Instar á Xunta de Galiza a”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Emenda de adición

Propónse engadir un novo punto, que pasaría a ser o terceiro, co seguinte texto: “Instar a Xunta de Galiza a exercer as competencias en augas interiores e aplicar as súas propias normas de control.”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2021 18:24:57

Rosana Pérez Fernández na data 05/04/2021 18:25:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández**, solicita a seguinte **corrección de erros** no documento con número de rexistro **13833**:

No encabezamento onde dí: “Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia”, debe dicir: “Grupo Parlamentar Popular de Galicia”.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/04/2021 10:15:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 06/04/2021 10:15:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **12585 (11/PNC-001281)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reestruturación do porto deportivo de Tupide, en Foz, incluída na orde do día da Comisión 8ª que se celebrará o vindeiro día 6 de abril de 2021.

Emenda de adición

Engadir despois de: “dragaxe”, o seguinte texto: “, tanto no interior do porto como na canle de entrada entre a bocana do porto de Tupide e o porto pesqueiro,”.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 05/04/2021 15:41:30

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2021 15:41:40



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **12585 (11/PNC-0001281)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reestruturación do porto deportivo de Tupide, en Foz.

Emenda de Substitución:

Débese substituír O texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se inicien os estudos, conforme á planificación prevista sobre o bloque de proxectos a realizar, que permitan levar a cabo a reestruturación do porto deportivo de Tupide en Foz, coa modificación, se fose necesario, da súa bocana, dragaxe e ampliación de servizos”.

Santiago de Compostela, 5 de abril 2021.



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 05/04/2021 17:56:49



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **Manuel Santos Costas** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **12634 (11/PNC-001289)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Salón Peña de Cambados, así como cos custos de mantemento das vías da súa titularidade e dos elementos existentes nelas.

Emenda de Substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Manter a situación do Salón Peña de Cambados en liña co funcionamento dos últimos tempos, sempre previa solicitude do Concello e baixo o compromiso e aplicación dun cumprimento estrito da legalidade vixente, facilitando o seu uso polo Concello de Cambados e dinamización coa realización de actividades e eventos.
2. Distribuír os custes de mantemento dos viais da súa titularidade con cargo a Portos de Galicia e o dos elementos que se atopen neles, como vexetación, ornato ou plantas a cargo do Concello por ser zonas de espaxamento, evitando problemas que afecten á seguridade das persoas, ou ben iniciar, por parte do Concello, o procedemento para a reversión dos terreos portuarios de interacción porto-vila.

Santiago de Compostela, 5 de abril 2021.



Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Costa na data 05/04/2021 17:56:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **12634 (11/PNC-001289)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Salón Peña de Cambados, así como cos custos de mantemento das vías da súa titularidade e dos elementos existentes nelas, incluída na orde do día da Comisión 8ª que se celebrará o vindeiro día 6 de abril de 2021.

Emenda de adición

Engadir un novo punto 3 co seguinte texto:

“Iniciar o procedemento entre Portos de Galiza e o Concello de Cambados para transferir a titularidade da Nave de Peña a este Concello, toda vez a mesma, aínda que consta como espazo de dominio público portuario, está integrada no casco urbano do concello, non ten uso portuario e nela celébranse unha parte moi importante das actividades lúdicas, culturais, musicais, festivas...”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2021 17:04:47

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2021 17:04:57

